

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA  
DE 21 DE DECEMBRO DE 2023**

**1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2023/00053649V.**

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

**2. COMERCIO. Referencia: 2023/00051948H.**

Aprobación das bases da convocatoria do concurso de escaparates de Nadal do Concello de Santiago de Compostela 2023/2024

Acórdase:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria do concurso de escaparates de Nadal do Concello de Santiago 2023/2024.

Segundo: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña por medio da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Esta convocatoria acóllese ao procedemento de tramitación anticipada, polo que a concesión e pagamento dos premios queda supeditada a existencia de crédito adecuada e suficiente no exercicio 2024.

**3. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2023/00050693M.**

Aprobación da aportación de socio do Concello de Santiago para o exercicio 2023 á Sociedade Promoción Iniciativas Empresariais Innovadoras MP SL (UNINOVA)

Acórdase:

1. Vista a previsión no orzamento municipal 2023 dunha achega á Sociedade para a Promoción da Iniciativas Empresariais Innovadoras MP; S.L. (UNINOVA) con NIF B15678733, por importe de 75.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4490000, e vista a solicitude desta entidade de pagamento da aportación de Socio do Concello de Santiago aprobada no seu Consello de Administración de 19 de decembro de 2022, é preciso proceder á aprobación dunha aportación á Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras MP, S.L. (UNINOVA), polo importe de 52.000,00€ en concepto de achega de socio correspondente ao ano 2023 con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4490000.
2. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para que proceda ao pagamento desta aportación de socio do Concello de Santiago de Compostela á SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, MP SL (UNINOVA) con NIF B15678733 por importe de 52.000,00€.

**4. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00020479J.**

Aprobación da proposta de xustificación subvencións nominativas 2023 da Asociación Ateneo de Santiago

Acórdase:

1.- Aprobar a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación Ateneo de Santiago por un importe de 20.000 euros visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio e a súa correcta xustificación, coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.

2.- Recoñecer a obriga de 20.000 € a favor da Asociación Ateneo de Santiago que debe imputarse na aplicación orzamentaria 050/33400/4890002.

3.- Ordenar o pago da subvención nominativa da Asociación Ateneo de Santiago con CIF G70161096 |

**5. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00030886R.**

|Aprobación da proposta de xustificación da subvención nominativa 2023 Agrupación Cultural O Galo |

Acórdase: |

1.-Aprobar a xustificación subvención nominativa á Agrupación Cultural o Galo visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.

2.-Recoñecer a obriga por importe de 5.000 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 050 33400 4890001.

3. Ordenar o pago do importe íntegro da subvención 5.000 € |

**6. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00019507F.**

|Aprobación da proposta xustificación da subvención nominativa para a anualidade 2023 de Performa S. Coop Galega |

Acórdase: |

1.- Aprobar a xustificación e o pagamento da subvención nominativa a Performa S. Coop. Galega visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio

2.- Recoñecer a obriga por un importe de 50.000 €

3.- Ordenar o pago do importe da subvención. |

**7. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00019696N.**

|Aprobación da proposta de xustificación da subvención nominativa á Asociación do Conservatorio de música tradicional e folque anualidade 2023 |

Acórdase: |

1.- Aprobar a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación do Conservatorio de música tradicional e folque visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio e a súa correcta xustificación.

2.- Recoñecer a obriga por un importe de 20.000 € que se imputará á aplicación orzamentaria 050 33400 4890004.

3.- Ordenar o pago do importe íntegro da subvención 20.000 €. |

**8. COMERCIO. Referencia: 2023/00046666A.**

|Aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro Comercial Aberto para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 202 |

Acórdase:

|Primeiro: Aprobar a xustificación do convenio formalizado entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro Comercial Aberto para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2023, e en consecuencia a xustificación da subvención a Asociación Punto Compostela Centro Comercial Aberto, co CIF G70571971 por importe de 31.954,46 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da Asociación Punto Compostela Centro Comercial Aberto, co CIF G70571971, por importe de 31.954,46 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003. |

**9. COMERCIO. Referencia: 2023/00046665W.**

Apróbación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2023 |

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación do convenio formalizado entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2023, e en consecuencia a xustificación da subvención a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental, co CIF G15382468 por importe de 35.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental, co CIF G15382468, por importe de 35.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001. |

**10. LINGUA GALEGA. Referencia: 2023/00046920G.**

Xustificación da subvención nominativa Correlingua en Compostela 2023 e recoñecemento da obriga de pagamento. |

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada pola Asociación Cultural Correlingua (G70325683) con data do 29 de setembro.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga e o pagamento da subvención por importe de 2.500 euros, con cargo á aplicación 080 33402 4890001 do orzamento municipal para o exercicio 2023 (AD 220230025610) a favor da devandita entidade. |

**11. DEPORTES. Referencia: 2023/00014512A.**

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Atletismo (CIF- G15103500) para o ano 2023. |

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada polo FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago, ano 2023, por valor de 25.000 €, dos cales 10.000 € (vinculados á actividade Campionato Galego Absoluto de Atletismo ao Aire Libre) xa foron abonados con carácter anticipado, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890015.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO por importe de 15.000 € (vinculados á actividade Circuito de Carreiras Saudables Corresán), con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890015. |

**12. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00043635P.**

Aprobar a conta xustificativa de gastos do Convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro, con cargo á aplicación orzamentaria 080.32400.4890001. |

Acórdase: aprobar a conta xustificativa de gastos do Convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro, con cargo á aplicación orzamentaria 080.32400.4890001 por importe de 6.208,00 euros. |